

## **PLAN DE CONTINXENCIA PARA O CURSO 2021-2022**

### **INDICE**

#### **INTRODUCCIÓN AO CURSO 2021-2022.**

- 1. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN ABROCHO**
- 2. ENSINO A DISTANCIA. ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**
- 3. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**
- 4. DESENVOLVEMENTO DO ENSINO VIRTUAL**

## INTRODUCCIÓN AO CURSO 2021-2022

Ao inicio do curso 2021-2022 a evolución da pandemia é favorable. O proceso de vacinación de case toda a comunidade escolar e as medidas de prevención e protección recollidas no Plan de adaptación ao Covid19 para este curso ofrecen aos centros un maior nivel de seguridade.

Sen embargo, a seguridade non é total polo que siguen activos os protocolos de adaptación ao Covid-19, entre eles o Plan de continxencia.

Hai algunha novidade, sobre todo referido aos contactos estreitos e a su tratamento, se están ou non vacinados, se padecen enfermidades autoinmunes, etc,, que será determinados e xestionados polas autoridades sanitarias.

O seguinte Plan de Continxencia ten por finalidade:

- Activar o ensino virtual no caso de necesidade
- Establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nunha aula/etapa educativa/centro.
- Trátase dun **plan adaptable e modificable** en función da situación epidemiolóxica. Seguindo as directrices marcadas pola Consellería, foi elaborado polo Equipo Directivo coas aportacións do profesorado do centro.

## 1. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO

### 1. NON ASISTIRÁN AO CENTRO:

- Aqueles estudantes, docentes e outros profesionais **que teñan síntomas compatibles con COVID-19.**
- Aqueles **que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19.**
- **Seguiranse en todo caso as recomendacións dos protocolos sanitarios.**

### 2. SOSPEITA DUN CASO NO CENTRO EDUCATIVO:

- Seguirase o presente plan de continxencia .
- Levarase a un **espazo separado de uso individual**, ubicado no hall do instituto ou no pavillón se está a recibir Educación Física.
- Colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado).
- Contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado e coas autoridades sanitarias:
  - No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo. Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará e estes seguirán as indicacións dadas por Sanidade, dependendo de se están vacinados ou non.
- En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.
- O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
- **A familia** dun alumno con sospeita de contaxio, **deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra** para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.
- A familia ten a obriga de avisar ao centro dos posibles contaxios ou probas pendentes de realización e resultados.
- Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade que determinará as medidas a seguir.
- A autoridade sanitaria, en función do **número de contaxios, poderá ordenar o peche** das unidades necesarias.
- O progreso do proceso de vacinación determinará as medidas que Sanidade aplique e a forma de proceder cos contactos estreitos.

## 2. ENSINO A DISTANCIA

## **ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**

Só se hai unha regresión na gravidade da pandemia, pode haber suspensión da actividade lectiva. Entón aplícarase o sistema de ensino a distancia.

A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

No caso de **suspensión das clases**:

- Seguiranse as indicacións do punto 4 deste Plan de Continxencia:  
**DESENVOLVEMENTO DO ENSINO VIRTUAL**
- O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería.  
Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
- O equipo COVID e a dirección do centro identificarán ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
- Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.
- Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:
  - a) Uso da aula virtual.
  - b) A aula virtual estará complementada con ferramentas de videochamadas.
- Como recursos alternativos a empregar na aula dixital están os elaborados por profesorado do centro, os contidos Abalar na web da Consellería, os contidos dixitais do Ministerio de Educación e aqueles outros existentes na rede e considerados axeitados para o nivel educativo no que se vaia a empregar.

### **MEDIDAS PREVIAS A ACTIVIDADE NON PRESENCIAL: AULA VIRTUAL**

- **Medidas a poñer en práctica para a mellora do uso das AV**
- Rastrear as necesidades telemáticas da comunidade.

- Servizo de formación do profesorado: oferta cursos a realizar online por parte das administracións.
- Creación dun espazo formativo para o profesorado e o alumnado dentro da AV con:
  - Ligazóns a titoriais e vídeos onde se explique o relativo ao emprego da AV.
  - Creación de un foro de dúbidas respecto ao funcionamento da AV.
  - Charlas a titores da ESO sobre o emprego da AV, co fin de que expliquen o funcionamento da AV nas horas de titoría.
  - Formación do profesorado.
  - Colaboración con aquel profesorado que teña máis dificultade na implantación das AV.
- **Temporalización**
  - Todo o curso escolar.

### **3. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva.

O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

### **4. DESENVOLVEMENTO DO ENSINO VIRTUAL**

No momento no que por razóns sanitarias se resolva confinar total ou parcialmente o centro educativo, activarase inmediatamente o sistema de ensino virtual que se recolle neste apartado para continuar co proceso formativo do noso alumnado.

O obxectivo é proporcionar un sistema regrado e estable de docencia virtual que ofrezca ao alumnado unhas rutinas similares ás do ensino presencial, garantindo a interacción entre alumnado e profesor, a realización de tarefas e a avaliación do progreso.

No desenvolvemento do ensino non presencial o plan centrase en:

- Aplicación do “horario espello”, publicado na web do centro e comunicado ás familias a través de AbalarMóbil.
- Emprego de ferramentas de comunicación e Aulas Virtual.
- Análise e reparación das necesidades de dispositivos electrónicos e conexións wifi do alumnado.
- Formación da comunidade escolar previa (incluído no punto 2 deste Plan de continxencia co nome MEDIDAS PREVIAS A ACTIVIDADE NON PRESENCIAL)
- Regulamento das normas de organización e funcionamento do centro (NOF) para este tipo de docencia.

## **1. Horario espello. Actividade lectiva a distancia**

1. A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas elixidas polo profesorado: Aula Virtual e plataformas de videoconferencia. Durante o peche ou confinamento o profesorado poderá impartir docencia no seu centro educativo ou no seu domicilio, no caso de dispoñer dos medios adecuados para realizar o servizo.
2. O horario espello será o mesmo que o presencial; no obstante, debido ao esforzo que vai supoñer, poderá reducirse a duración de cada sesión lectiva ata un máximo do 40%.
3. O/a titor/a informará aos pais e nais ou tutores legais das normas que rixen o ensino non presencial.
4. A orientadora e o seu equipo velarán polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade e coordinará a este tipo de alumnado.
5. A dirección do centro poderá solicitar ao final de cada semana unha relación das actividades realizadas.
6. O profesorado e o alumnado do grupo deberán conectarse á hora que se establece no cadro horario e nas normas de participación e uso das videoconferencias.  
O momento da conexión debe establecerase cunha antelación de 10 minutos
7. As tarefas para o alumado asemellaranse o máximo posible ao sistema presencial, respectando o seu dereito ao lecer e ao descanso.
8. Poranse en marcha mecanismos de control de asistencia do alumnado mediante as ferramentas habituais.
- 9.. Poranse en marcha os mecanismos de seguimento e avaliación do alumando recollidos nas Programacións didácticas de cada departamento.
10. Enlace horarios (unha vez que estean publicados na web)

## **2. Emprego de ferramentas de comunicación e Aulas Virtual**

A ferramenta de uso preferente será a Aula Virtual do IES na que está dado de alta todo o profesorado e alumando.

As ferramentas de videoconferencia e a maneira de acceder a elas, serán comunicadas ao alumando no momento mesmo do confinamento. A información sobre estes recursos aparecerá xunto ao horario de cada grupo. Será o profesorado de cada grupo o encargado de proporcionar ao seu alumando as claves para acceder a esas ferramentas.

Máis información sobre os distintos servizos educativos dixitais está dispoñible no seguinte enderezo

<https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/espazo/servizos-dixitais>

## **3. Análise e reparación das necesidades de dispositivos electrónicos e conexións wifi do alumnado.**

Unha vez feito a análise das necesidades do alumnado e seguindo as indicacións da Consellería, o centro entregará no prazo máis breve posible os equipamentos dispoñibles que se lles entregará ao alumando coas instrucións de uso e cesión.

## **4. Regulamento das normas de organización e funcionamento do centro (NOF) para este tipo de docencia.**

Para o período de ensino virtual, aplicaranse as seguintes normas, engadidas ao NOF.

## **NORMAS DE USO E PARTICIPACIÓN NAS VIDEOCONFERENCIAS E FERRAMENTAS VIRTUAIS.**

Dada a situación excepcional de alarma, precisamos ou precisaremos realizar videoconferencias e empregar outros medios telemáticos para continuar o curso. Para este fin, o centro establece as seguintes normas de uso que son de obrigado cumprimento para todos.

No uso destas ferramentas, aplicaranse as mesmas normas que rexen nas aulas presenciais en canto a conduta, respecto e orde.

1-. Para acceder ás videoconferencias deberase ter instalado nos dispositivos as ferramentas que imos empregar:

- Webex:

<https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/es/noticia/habilitado-un-nuevo-servicio-de-videoconferencia-para-el-ambito-docente>

- Falemos EDU:

<https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/es/node/11880>

2-. Unha vez instalado, haberá que introducir o número de reunión de cada profesor/a e, se o profesorado así o decide, a clave de acceso. Este número, xunto co correo electrónico de cada profesor/a, será enviado a cada grupo no momento en que estea comunicado o confinamento.

3-. É importante conectarse con tempo. A organización de cada clase será a seguinte:

- 10': conexión
- 40': clase
- Ao cabo dos primeiros 10 minutos pecharase o acceso á reunión para non interromper o proceso.
- Se o alumando ten problemas para acceder deberá poñerse en contacto cos seus tutores/as ou co profesor/a a través do correo electrónico e indicar a incidencia para atopar unha solución.

4.- En caso de que algún usuario non pertenza á clase e mesmo ao centro escolar e intente acceder, suplantando a identidade dalgún alumno/a, poderase suspender a sesión.

5.- Da mesma maneira que nas clases presenciais, nas virtuais está terminantemente prohibido gravar ou fotografar as sesións ou parte das sesións e difundilas por calquera medio.

Están pensadas e planificadas para o uso exclusivo do centro.

O IES As Lagoas queda exonerado de calquera responsabilidade que puidera derivarse da difusión posterior das imaxes gravadas, sendo os únicos responsables os autores/as de dita difusión.

6.- O alumnado deberá acceder ás videoconferencias coa cámara de su dispositivo (PC, Tablet o smartphone) activada durante toda a clase on-line. No caso de que algún alumno/a tivera problemas coa cámara deberá comunicalo aos tutores/as para atopar unha solución.

7.- O uso do micrófono e o chat será regulado polo profesorado. O aconsellable é que o micrófono do dispositivo estea silenciado para conseguir o normal desenvolvemento da sesión.

8.- Para participar, haberá que pedir paso ao profesor/a: ser respectuoso/a ao participar é fundamental tanto presencial como virtualmente. Hai que solicitar, aportar ou respectar as quendas de palabra e empregar as canles que o profesorado indique (voz, chat).

6.- É obrigatoria a asistencia ás clases on-line. O sistema de faltas e xustificación será o mesmo que no sistema presencial.

9.- A puntualidade nas sesións é indispensable. Unha vez transcorridos os 10' de conexión, non se permitirá o acceso á clase.

10.- As videoconferencias están destinadas exclusivamente ao alumando e profesorado de cada grupo e materia. As persoas alleas ao grupo non poderán participar nas mesmas.

**Respecto a presenza na clase virtual:**

1.- Todos os participantes amosarán un aspecto adecuado e correcto.

2.- Non deberán levantarse, comer nin beber, se non é cun motivo xustificado.

3.- Evitaranse as distraccións, empregar outros dispositivos e materiais que distraían a atención dos participantes.

4.- É aconsellable o uso de auriculares con micrófono. Axudan a evitar ruídos de fondo e permiten unha maior concentración.

5.- Hai que coidar tamén o espazo onde estamos. Usarase, sempre que sexa posible, un fondo neutro e un lugar da casa que che permita estar cómodo e só/a sen interromper a vida do resto da familia.

6.- Non deben aparecer persoas da nosa contorna en cámara. A viodeoconferencia é acto escolar dirixido exclusivamente ao alumando de cada grupo.

En caso de incumprimento de algunha de las normas anteriormente citadas, o profesor/a resérvase o dereito a suspender o acceso do alumando e mesmo dar por finalizada a videoconferencia.

Tanto as faltas de asistencia como as contrarias á convivencia serán comunicadas aos titores/as que as remitirán ás familias e tomaranse as medidas oportunas.

Pregamos o bo uso dos medios e ferramentas empregadas para que en situacións difíciles sexa máis doado a continuación do curso escolar.

**Ourense, 15 de outubro de 2021**